



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Informática de Xestión e do coñecemento		Código	662G01008
Titulación				
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información			
Coordinación	Ramos Montes, Oscar	Correo electrónico	oscar.ramos@udc.es	
Profesorado	Ramos Montes, Oscar	Correo electrónico	oscar.ramos@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A finalidade desta materia é adquirir as competencias xenéricas en Tecnoloxías da Información e a Comunicación para traballar e estudar en rede. Así mesmo, poranse en práctica estratexias de aprendizaxe, de traballo e de estudo nunha contorna virtual a partir da adquisición dunha serie de habilidades co uso das TIC.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer os aspectos teóricos da informática básica.	A12	B1	C1
	A13	B2	C2
	A20	B3	C3
	A24	B4	C4
	A32	B5	C5
		B6	C6
		B7	C7
			C8
Adquirir habilidades de elaboración e estruturación da información dixital multimedia.	A12	B1	C1
	A13	B2	C2
	A20	B3	C3
	A24	B4	C4
	A32	B5	C5
		B6	C6
		B7	C7
			C8
Adquirir habilidades de análises, tratamento e interpretación da información dixital.	A12	B1	C1
	A13	B2	C2
	A20	B3	C3
	A24	B4	C4
	A32	B5	C5
		B6	C6
		B7	C7
			C8



Adquirir habilidades de traballo en equipo en contornas virtuais.	A12	B1	C1
	A13	B2	C2
	A20	B3	C3
	A24	B4	C4
	A32	B5	C5
		B6	C6
		B7	C7
			C8
Integrar a planificación e a organización como habilidades de estudo e traballo colaborativo na contorna virtual da UDC.	A12	B1	C1
	A13	B2	C2
	A20	B3	C3
	A24	B4	C4
	A32	B5	C5
		B6	C6
		B7	C7
			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Módulo I. Fundamentos da informática.	A. Codificación da información. B. Hardware. C. Software. D. Redes de computadores: Internet.
Módulo II. Competencias Tecnolóxicas: Edición de texto	A. Edición de texto: aspectos avanzados. - Estilos. - Seccións. - Encabezados e pés de páxina. - Notas ao pé, citas e bibliografía. - Táboas de contido. - Índices. - Comentarios ao documento. - Seguimento, cambios e comparar documentos. B. Proceso e deseño de presentacións eficaces.
Módulo III. Competencias Tecnolóxicas: Edición de imaxe	- Imaxe dixital: características e tipos. - Toma fotográfica: conceptos básicos. - Imaxe na web 2.0: dereitos de autor. - Ferramentas de edición de imaxe.
Módulo IV. Competencias Tecnolóxicas: Edición de vídeo	- Vídeo dixital: características e formatos. - Ferramentas de edición de vídeo
Módulo V. Competencias Tecnolóxicas: Edición de audio	- Audio dixital: características e formatos. - Ferramentas de edición de audio - Podcast

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Sesión maxistral	A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	10	15	25
Prácticas a través de TIC	A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	21	21	42
Traballos tutelados	A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	6	30	36
Proba práctica	A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	4	28	32
Proba obxectiva	A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	1	13	14
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións expositivas nas que o profesor fará unha introdución de cada un dos distintos temas dos que consta o programa, amosando os aspectos máis relevantes que o alumnado debe ter en conta coa finalidade de preparar a proba obxectiva.
Prácticas a través de TIC	Sesións eminentemente interactivas, nas que o alumnado deberá resolver, mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións, exercicios vinculados ás diferentes competencias tecnolóxicas propostas no temario.
Traballos tutelados	Ao longo do cuadrimestre o alumnado deberá facer unha serie traballos vinculados ás diferentes competencias tecnolóxicas incluídas no temario. Aínda que estes traballos deberán ser desenvolvidos mediante o traballo autónomo do alumnado, o profesor dará na aula as explicacións oportunas dos obxectivos e criterios de avaliación e, así mesmo, proporcionará a pertinente atención personalizada nas horas de tutoría grupal.
Proba práctica	Ao longo do cuadrimestre o alumnado terá que facer varias probas prácticas nas que se avaliará cada un dos módulos correspondentes á parte de competencias tecnolóxicas. Cada unha destas probas consistirá en resolver diferentes exercicios usando as aplicacións informáticas axeitadas a cada módulo avaliado.
Proba obxectiva	Ao remate do cuadrimestre o alumnado terá que realizar unha proba obxectiva dos contidos teóricos da materia incluídos no módulo Fundamentos da informática.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbense como momentos de traballo presencial co profesor, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumnado. A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia. O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia terá a posibilidade de contactar co profesor usando os métodos en liña habituais: Moodle, correo electrónico, etc.
---------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Avaliación dunha serie de tres traballos relacionados cos contidos prácticos da materia. As instrucións e os criterios de avaliación estarán a disposición do alumnado no campus virtual. Ponderación dos traballos tutelados: - Edición imaxe (35%) - Edición vídeo (35%) - Edición audio (30%) Importante: os traballos non realizados teranse que repetir na segunda oportunidade, independentemente da media obtida.	40
Proba obxectiva	A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Exame teórico no que poderán combinarse distintos tipos de preguntas: resposta múltiple, verdadeiro/falso e resposta breve.	30
Proba práctica	A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	A parte práctica da materia será avaliada de xeito continuo ao longo do cuadrimestre mediante a realización dunha serie de probas ou exames. Ponderación das probas prácticas: - Procesador de textos: Word (25%) - Edición de imaxe (25%) - Edición de vídeo (25%) - Edición de audio (25%) Importante: As probas prácticas non realizadas teranse que repetir na segunda oportunidade, independentemente da media obtida.	30

Observacións avaliación



Primeira oportunidade A cualificación final da materia obterase da ponderación das 3 partes xa mentadas: traballos tutelados (40%), proba práctica (30%), proba obxectiva (30%).

Aquelas partes que, unha vez ponderadas, teñan unha cualificación inferior a 4 puntos deberán ser repetidas na segunda oportunidade, independentemente da media obtida (de darse esta situación, e se a media é superior a 5, a cualificación final constará como 4,5).

Terán a cualificación de Non presentado os alumnos que non fagan os traballos tutelados e ningunha das probas (prácticas ou obxectiva).

Segunda oportunidade O alumno/a quedará liberado das partes xa superadas na primeira oportunidade, tan só terá que repetir as partes indicadas polo profesor no seu momento.

No caso de ter que repetir as probas prácticas, farase un único exame dos contidos prácticos da materia (Word, edición de imaxe, edición de vídeo e edición de audio).

Terán a cualificación de Non presentado os alumnos/as que non fagan ningunha das partes pendentes.

Convocatoria adiantada

A avaliación na convocatoria adiantada consistirá nun exame teórico-práctico do temario da materia. O alumnado deberá poñerse en contacto co docente para acordar con exactitude os contidos e criterios da devandita proba.

Alumnado con recoñecemento de dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3. b e 4.5) (29/5/212):

O alumnado comunicará esta situación o máis axiña posible ao profesor, coa finalidade de seren informados dos criterios da avaliación da materia. En xeral, a avaliación farase conforme aos criterios establecidos para o alumnado presencial, agás a proba práctica que se efectuará nun exame único xunto coa proba obxectiva. Copia e/ou plaxio:

Implicacións da fraude académica na realización das probas ou actividades de avaliación: a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Artigo 14 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grado e mestrado da UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Prieto, A.; LLoris, A.; Torres, J.C. (). Introdución a la informática. Ed. McGraw-Hill Interamericana de España Recursos web: Titoriais de Microsoft Word Titoriais Photopea Titoriais de Shotcut Titoriais de Audacity Deseño de materiais multimedia. Web 2.0
Bibliografía complementaria	- Beekman, G. (). Introduccion a la informática. Pearson Educación - Rigollet, Pierre (). Word 2013 . Ed. ENI - Mediaactive (). Aprender Word 2013 con 100 ejercicios prácticos. Ed. MARCOMBO Gil Castro, V.; Rosas Armenta, V.; Olmeda Quiroz, M. Fundamentos de las tecnologías de Información: viviendo en una sociedad tecnológica. Volumen I y Volumen II. Editorial/ISBN: Ed. Digital del Tecnológico de Monterrey. Cobo Romaní, C.; Pardo Kuklinski, H. Planeta Web 2.0. Inteligencia colectiva o medios fast food. 2007. http://www.planetaweb2.net/ Recursos web: Deseño de presentacións Word avanzado Guía para encadre fotográfico Curso de Shotcut Como facer un podcast

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Atención á diversidade: "A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar, nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, cos servizos dispoñíbeis no Centro, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>) o, no seu defecto, coa tutora ADI da Facultade de Turismo". Perspectiva de xénero: Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (uso de linguaxe non sexista...). Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas e influir na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Tratarase de detectar situacións de discriminación por razón de xénero e de propor accións e medidas para corrixilas.

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías